

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de xaneiro de 2023**

Ás 17.05 horas do día 18 de xaneiro de 2023, réunese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Álvaro José Fernández López

D.^a María Consuelo Vispo Seara

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourenzana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asisten os deputados do Grupo Popular, don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona María Consuelo Vispo Seara), nin a deputada do Grupo Socialista dona Elvira Lama Fernández (substituída por don Álvaro Vila Araújo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 14 de decembro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 14 de decembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG PARA APOIO AOS CONCELLOS AFECTADOS POLAS RIADAS

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da moción. A continuación informa de que a única comunicación oficial que recibiron no seu concello é un escrito da Subdelegación do Goberno no que se indican unha serie de liñas que teñen de axudas ás que se poderían acoller os concellos afectados, engadindo que o está estudando.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que, en principio, o seu grupo vai reserva o voto, se ben é evidente que os concellos non teñen capacidade nin recursos para afrontar este tipo de danos. Manifesta que entre todas as administracións hai que poñer unha solución.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e de DO (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ás confederacións hidrográficas do Miño Sil e á do Douro a colaborar no financiamento e/ou execución das obras para restaurar e reparar os danos nas infraestruturas públicas dos concellos afectados pola riadas.
2. Instar ao goberno do Estado Español a xerar liñas de axuda a prol dos concellos afectados polas riadas, mediante os mecanismos oportunos, complementarias coas das outras administracións.
3. Instar á Xunta de Galiza a que recorra aos fondos de continxencia contemplados nos orzamentos de 2023, para apoiar aos concellos afectados polas riadas mediante liñas de axudas exclusivas para este fin, compatibles coas do resto das administracións.
4. Instar á Deputación de Ourense a abrir unha liña de axudas cos concellos afectados pola riadas.
5. Instar á Confederación Hidrográfica do Miño Sil ao acondicionamento dos ríos baixo a súa xestión co fin de previr no posible futuras riadas, procedendo á limpeza de sedimentos,

maleza e axendando traballos periódicos que eviten a súa acumulación descontrolada destes elementos na canle dos ríos. Facilitando tamén a xestión sostible dos bosques de ribeira por parte dos propietarios das parcelas lindeiras.

6. Comunicarlles ás administracións sinaladas nos puntos anteriores a toma destes acordos.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA SOLICITAR Á DEPUTACIÓN DE OURENSE AXUDA PARA OS CONCELLOS DA PROVINCIA AFECTADOS POLO TEMPORAL E AS INUNDACIÓNS

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, dá conta da moción presentada.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de DO (1) e a abstención do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1.- O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a destinar fondos económicos para a colaboración cos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, co fin de proceder á reparación de infraestruturas públicas como estradas, pontes ou camiños, así como para a restauración das edificacións, construcións ou instalacións de calquera tipo.

2.- O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a proporcionar material e equipamento aos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, para a limpeza e reparación das zonas afectadas, así como para a protección e seguridade das infraestruturas, construcións ou instalacións en risco de sufrir episodios similares no futuro.

3.- O pleno da Deputación de Ourense insta ao goberno provincial a prestar colaboración loxística aos concellos afectados polas inundacións, riadas ou desprendementos das últimas semanas, ofrecendo o uso dos seus vehículos e maquinaria para o transporte, a reparación e a limpeza das zonas, infraestruturas, construcións ou instalacións afectadas.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Valera López, do BNG, formula por escrito a seguinte pregunta: na comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do 16 de novembro de 2022 o presidente desta comisión sinalou, respecto da estrada de San Agostiño de Viana do Bolo, que

tras unha petición de prórroga anterior ao prazo para a finalización das obras, previstas para o mes de outubro, o prazo da obra da estrada de San Agostiño fora ampliado. Tras unha xuntanza coa empresa adxudicataria, esta tiña o compromiso de rematar as obras en data anterior ao 31 de decembro, data da prórroga solicitada. Sinalado ademais: “esta obra vaise facer, non hai ningún problema, nin de revisión de prezos, nin que impida que esa obra se vai rematar en tempo e forma”. Con data 6 de xaneiro a obra non está rematada. Preguntas: *¿cal é o motivo destes novos retrasos? ¿en que estado se atopan as obras para a súa finalización? ¿continúa sen haber ningún problema para a execución? ¿que medidas levará a cabo a Deputación para evitar máis retrasos?*

O **presidente da comisión** responde dando lectura ao seguinte informe da directora da Área de Infraestruturas: Vista a solicitude de información relativa ao expediente do asunto, formulada por don Bernardo Varela López, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, informo o seguinte: PRIMEIRO: Sobre *¿cal é o motivo destes novos retrasos?* A obra pendente de executar está moi condicionada polas condicións climatolóxicas, e o feito de que chova ou de que a superficie de extensión estea mollada son factores que limitan a execución dos afirmados, a sinalización horizontal e os elementos de drenaxe lonxitudinal. Tal e como se pode comprobar na rede histórica de datos de Meteogalicia, na estación de Viana do Bolo, entre o 24/10/2022 e o 19/01/2023, choveu preto do 70% dos días. En todo caso, por resolución 2023/0756 da Presidencia autorizouse unha nova prórroga no prazo de execución. SEGUNDO: Relativo ao estado no que se atopan as obras para a súa finalización. Estase a traballar na colocación de elementos de contención e na sinalización vertical. Queda pendente un 30% da rehabilitación de firme (obra que non se retomará ata que as condicións climatolóxicas sexan axeitadas), a sinalización vertical e parte do formigonado dos foxos (obra que tamén precisa dunha mellora do tempo). TERCEIRO: Respecto a se *¿Continúa sen haber ningún problema para a execución?* Si, excepción feita do mal tempo. CUARTO: Finalmente sobre *¿Que medidas levará a cabo a Deputación para evitar mais retrasos?* Tendo en conta que as causas que impediron rematar en decembro non son imputables á Deputación nin ao contratista, e que o único factor que está limitando a execución é unha climatoloxía desfavorable, non está prevista ningunha medida específica pola Deputación.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pregunta sobre a situación actual da estrada que dá acceso aos pobos de Robledo e San Vicente de Leira. Sinala que desde o peche

da estrada provincial que daba acceso ás ditas aldeas o único acceso é a través da estrada municipal do Mazo. Debido ás condicións meteorolóxicas dos últimos días se inundou o paso de auga desta estrada, polo que tivo que ser cortada e os veciños quedaron illados. A través do alcalde de Vilamartín de Valdeorras tivo coñecemento das comunicacións que hai estes días coa Deputación, para adoptar unha solución provisional. Pregunta cal vai ser a colaboración desta Deputación para esta solución provisional e tamén para unha solución definitiva a esta situación.

O **presidente da comisión** contesta en primeiro lugar deixando claro que se trata dunha estrada de titularidade municipal. En todo caso, sinala que se lle ofreceu ao Concello de Vilamartín de Valdeorras que sexa a Deputación a que asuma os gastos desta solución provisional, consistente na instalación dunha especie de placas móbiles que se situaría augas arriba e no acondicionamento da pista de acceso a esta. Reitera o compromiso da Deputación para asumir o custo económico desta solución. Respecto á solución definitiva sinala que o concello presentou hai meses un proxecto na Confederación Hidrográfica o cal non foi autorizado, xa que foi requirido para modificalo, modificación que o concello presentou na Confederación hai escasos días. Sobre esta solución definitiva manifesta que a Deputación tamén participará no cofinanciamento na medida en que o permitan as dispoñibilidades orzamentarias. Retomando o asunto da estrada provincial, sinala que despois das últimas reunións co Concello, a Dirección Xeral de Minas e a empresa CUPA, consensuouse que a Xunta de Galicia, a través desa dirección xeral, lle requira á anterior mercantil titular dos dereitos mineiros na zona para que realice a recuperación do lugar, aínda que seguramente isto non sexa posible, xa que a dita mercantil xa non existe como tal. Neste caso a Xunta trataría de incautar o aval depositado e subsidiariamente executar en primeiro lugar o baleirado da balsa, que seguramente sexa a acción máis urxente, para logo intentar recuperar o contorno e o lugar.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que na estrada provincial que une O Barco de Valdeorras e Éntoma, á saída de Sobradelo, e que transcorre por un tramo do camiño do inverno, se fixeron pola Deputación unhas obras de senda peonil e sobre ancho na estrada, entende que esta actuación beneficia tanto aos veciños como aos peregrinos; roga que se continúe con estas actuacións no resto da estrada que transcorre polo camiño e se mellore a sinalización e a seguridade nela, coa posible instalación dun paso de peóns.

O **presidente da comisión** toma nota do rogo e llo trasladará a Área de Infraestruturas da Deputación.

E ás 17.30 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.